



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E NOVE DE FEBREIRO DE 2016, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcaldesa-Presidenta acctal:	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Escusa asistencia	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta acctal dona María Jesús Piñeiro Caldelas, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (03/02/2016).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201500000001111 de don Jesús Amboage Vite. (Expediente 2015/U009/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de alboio, de aproximadamente 86 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando tella nova (Expediente. Núm.: 15/U009/000003), en solo cualificado como Solo Urbano, dentro do ámbito de protección do PE-1, segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 8966517NH4386N.

Dáse conta da autorización previa emitida polo Servizo de Patrimonio Cultural con data do 27 de xaneiro de 2016.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán a estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente.



Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

3º.- Así mesmo deberá terse en conta o disposto no punto 5 da mencionada resolución: “...As obras serán de mera conservación da cuberta. As obras non afectarán á estrutura, nin ao volume nin á superficie útil habitable do baixo-cuberta. Non se autoriza a apertura de bufardas nin novos ocos nas cubertas.

O material de cobertura será a tella cerámica curva vermella. O voo dos beirís será semellante en dimensións aos existentes tradicionalmente. Coidarase de que, de colocar fibrocemento baixo a tella, este non quede visible. De colocar novas canles e baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán seccións circulares sen molduras, de cobre ou cinc na súa cor natural, sen brillos, ou aluminio lacado nunha cor que non destaque sobre a fachada. Indicarase o material e forma da protección da baixante de ser o caso.”

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e catro euros con corenta e sete céntimos (#64,47#)

2.2.- Comunicación previa de obra de dona Rosa María Barreiro Mougán. (Expediente 2016/U026/000006)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000006 de comunicación previa de obra promovido por dona Rosa María Barreiro Mougán para rehabilitación de vivenda, consistente en retellar, nunha superficie aproximada de 159 m².

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001700300NH43F, emprazada en Agrelo-Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento dezanove euros con dezanove céntimos (#119,19#).

2.3.- Comunicación Previa de obra para actividade. (Expediente número 2016/U027/000001)

Dáse conta do expediente número 2016/U027/000001 de comunicación previa de obra para actividade presentada por Comercial Agrícola Ames, S.L, representada por Don Luís Nieto Rico, para adecuación de local destinado a comercio de venda polo miúdo de pensos, produtos de xardinería e fitosanitarios nos termos do proxecto presentado e asinado por don Francisco Ansedes Domínguez en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial.

Dáse conta tamén da presentación da comunicación previa da actividade descrita no proxecto mencionado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela emprazada en Rúa Alcalde Francisco Carrillo, 2 –Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 6 meses.



A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, así como do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, se ben as instalacións de protección contra incendios deberán someterse ás condicións establecidas polo Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios.

Rematadas as obras de acondicionamento deberá achegarse comunicación previa de inicio de actividade.

Segundo .- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.4.- Instancia núm. 126/16 de don Xosé A. Albela Albela.

Dáse conta do expediente promovido por Xosé A. Albela Albela, para construción de alpendre-establo e adega, no lugar de Cimadevila da parroquia de San Miguel de Sarandón, neste termo municipal, nunha parcela cualificada polo vixente PXOM como rústica de protección agrícola (R2 e nos termos do anteproxecto presentado, asinado por Xosé Manuel Diego Durán en calidade de arquitecto.

Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no taboleiro de edictos do concello e no xornal "La Voz de Galicia" o día 4 de febreiro de 2016, durante o que non se presentaron alegacións.

Dáse conta tamén da solicitude de informe ao Servizo Provincial de Estradas, da Xunta de Galicia, e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno local acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ao Servizo de Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3º.-Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de actividade de bar en San Miguel de Sarandón.

Vista a comunicación previa presentada por don Juan Antonio Brocos Nande, para transmisión da titularidade da licenza de actividade de Bar, emprazado en Sarandón – San Miguel de Sarandón, neste termo municipal, denominado comercialmente *A Taberna do Ferrador*.

Considerando, segundo manifesta, que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 21 de agosto de 1998, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, e o disposto no artigo 24.3 da Lei 9/2013,



do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cen (#100,00#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirinte.

4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de participación no Plan marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

Dáse conta da Resolución do Director Xeral de Agader, do 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Resolución do 25 de xaneiro de 2016 e acordar a participación do concello de Vedra no Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, co proxecto *Acondicionamento de camiños en Trasariz, Ribeira e Vedra*, cuxo orzamento de execución por contrata ascende á cantidade de sesenta e nove mil cento noventa e oito euros con dez céntimos (#69.198,10#), IVE non incluído, resultando un total de oitenta e tres mil setecentos vinte e nove euros con setenta céntimos (#83.729,70#)

Segundo.- Comprometerse a dispoñer dos camiños públicos incluídos no proxecto presentado para participar no Plan Marco, de titularidade municipal, durante un período mínimo de cinco anos para a normal execución das obras.

Terceiro.- Asumir, unha vez recibidas as obras, a súa explotación, mantemento e conservación, cando menos, por un prazo de cinco anos.


Cuarto.- Comprometerse a que as obras incluídas neste plan marco non se someterán a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72.1 do Regulamento (CE 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes).

Quinto.- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



5º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida de lixo no padrón fiscal do exercicio 2016.

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5/2004, do 8 de xaneiro) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245/12, do 26 de decembro).

Á vista dos preceptivos informes favorables, e en función do acordo de delegación do pleno en sesión ordinaria celebrada o dezaoto de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecerlle no padrón fiscal do exercicio 2016 o dereito á redución do 50% da cota tributaria na tarifa nº1 correspondente á prestación do servizo de xestión de lixo domiciliario aos contribuíntes, propietarios de vivendas que se relacionan no anexo I da presente acta, por cumprir os requisitos establecidos no artigo 8.1 da vixente ordenanza municipal nº 12 reguladora da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*.

6º.- Facturas varias.


Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
2016/002	14/01/2016	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de xaneiro (núm. 196)
2016/003	14/01/2016	1.306,80	Xestedec Comunicación	Deseño do calendario 2016 e do boletín informativo municipais e servizos prestados para a actividade <i>Nadal en Familia</i>
CI0816350741	15/01/2016	166,56	Vodafone España, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período do 15/12/2015 ao 14/01/2016
CU373007	11/01/2016	404,20	Bebitus Retail, S.L.U.	Vaixelas de bebés subministradas en xaneiro para agasallo dos nacementos no concello de Vedra
1600877	02/01/2016	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizos de conservación e mantemento do equipo elevador instalado no CPI de Vedra período 1T/2016
15PA/00129-1	11/12/2015	121,00	Toldos Gomez, S.L.	Dúas bandeiras (galega e española) para os exteriores da casa consistorial subministradas en decembro/2015
635	20/01/2016	372,00	Valencia & Malingre, S. L.	Xantar dos participantes na excursión da Terceira Idade ás termas de Outariz o día 20/01/2016 con achegas dos participantes
2016-11	20/01/2016	147,00	Ibernisha, S.L.	Circuitos termais dos participantes na excursión da Terceira Idade ás termas de Outariz o día 20/01/2016 con achegas dos participantes
P 600143	22/01/2016	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2015 a marzo/2016 mes xaneiro
17	26/01/2016	139,15	Dixitalcor 2011, S.L.	Cartel anunciador de obra particular subministrado en xaneiro para o departamento de urbanismo
201612996	27/01/2016	5.999,58	Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	Seguro de responsabilidade civil municipal contratado para o período 27/01/2016-27/01/2017 (póliza núm. 0960270014371)
04/C15-16	27/01/2016	280,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes xaneiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



601/6	27/01/2016	176,66	Alquimao S.L.	Subministro de taboleiros (tricapa) e servizo de hidrolimpadora en xaneiro
61/16	27/01/2016	39,93	Gráfica de Asturias S.L.	Carpetas colgantes para o departamento de servizos sociais subministradas en xaneiro
160172/DI	27/01/2016	851,24	Industrias del Noroeste, S.A. (INOSA)	Subministro de paneis para a <i>Exposición das XXI Xornadas arredor da Camelia</i> a celebrar o 28/02/2016
430	25/01/2016	941,99	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Subministro e instalación de válvula mesturadora de auga quente na caldeira do polideportivo municipal
20160A000053	19/01/2016	1.043,84	Madesa S.L.	Materiais para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave da estación do tren de Santa Cruz)
V 01-2016 242	31/01/2016	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal (gardería) mes xaneiro
8	26/01/2016	78,65	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Fabricación e colocación de corta ventos inferior para porta da escola de San Xián de Sales
1/2016	28/01/2016	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do concello e asesoramento en trámites do parque empresarial mes xaneiro
2/2016	29/01/2016	2.904,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Redacción do proxecto básico e de execución da obra rehabilitación da fachada do edificio da Terceira Idade
A-17	28/01/2016	181,50	Servides-J.C. Barreiro García	Servizo de desratización prestado no polideportivo municipal o día 19/01/2016
1601004863	25/01/2016	242,00	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes xaneiro
4320150401336	12/01/2016	1.240,29	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 4T/2015 (contador do Pico Sacro)
4320150401527	12/01/2016	250,73	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 4T/2015 (contador da marxe dereita da EN-525)
4320150401528	12/01/2016	15,64	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 4T/2015 (contador da marxe esquerda da EN-525)
358	21/01/2016	1.225,73	Segade Martínez Jose Manuel	Traballos de carpintería e de pintura realizados na escola de San Xián de Sales
16/1	31/01/2016	1.685,14	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza das escolas unitarias e do centro de saúde prestados no mes de xaneiro
EO 003	29/01/2016	11.722,08	Obras y Viales Galicia, SL (OVIGA)	Realización da obra ensanche e modificación de depósito de auga en Quintáns - San Xián
0043/E16	29/01/2016	223,08	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do tractor J. Deere matrícula E2564BDT realizadas no mes de xaneiro
0042/E16	29/01/2016	1.969,89	Talleres San Fins S.L.	Reparacións da retroescavadora Fiat matrícula E6073BBD realizadas no mes de xaneiro
0041/E16	29/01/2016	311,39	Talleres San Fins S.L.	Reparacións da desbrozadora avanzada realizadas no mes de xaneiro
1	30/01/2016	1.564,53	Manuel Gamallo y Otro S.C	Materiais subministrados en xaneiro para a realización da obra beirarrúas en A Susana
2	30/01/2016	126,14	Manuel Gamallo y Otro S.C	Materiais para a realización de obra na vía pública en San Andrés de Illobre subministrados en xaneiro
36 713	28/01/2016	755,58	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en xaneiro na nave de Trobe
36 751	29/01/2016	735,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción do centro de saúde de Vedra subministrado en xaneiro
1601	29/01/2016	1.000,00	Club Olimpico de Vedra	Convenio de colaboración 2015-2016 (mes xaneiro 2016)
Emit- 16000591	02/02/2016	713,90	Baygar, S.L.	Once espellos acrílicos para colocación nas vías públicas municipais subministrados en febreiro
1	31/01/2016	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova no mes de xaneiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



407	31/01/2016	593,78	Hierros Diego, S.L.	Materiais para a confección de reixas para instalar nas vías públicas subministrados en xaneiro
19675	29/01/2016	247,50	Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.	Servizo de recollida urbana de aceites vexetais usados durante o período do 24/09/2015 ao 24/12/2015
FE16321191860605	05/01/2016	336,26	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 28/11/2015 - 21/12/2015 (CUPS ES0022000007480452RB1P)
FE16321191860606	05/01/2016	217,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 28/11/2015 - 21/12/2015 (CUPS ES0022000004975461QL1P)
FE16321191860607	05/01/2016	323,03	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 28/11/2015 - 21/12/2015
029//16	30/01/2016	93,42	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Reparacións de maquinaria da brigada de obras realizadas durante o mes de xaneiro
FE16321191860602	05/01/2016	350,30	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Dozar período 28/11/2015 - 18/12/2015
FE16321191860603	05/01/2016	117,81	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Fufín período 28/11/2015 - 18/12/2015
FE16321192138845	07/01/2016	152,39	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz período 23/10/2015 - 21/11/2015
93609478	04/02/2016	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da máquina fotocopadora da planta baixa mes febreiro
FE16321191860604	05/01/2016	980,50	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra período 28/11/2015 - 18/12/2015
FE16321193120942	20/01/2016	317,08	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial período 28/11/2015 - 18/12/2015
4001712313	31/01/2016	344,67	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa mes xaneiro
2016067	02/02/2016	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal mes xaneiro
311	30/01/2016	74,74	Herramientas del Noroeste, S. L.	Servizo de afiado de maquinaria do obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra en xaneiro
FV16000122	31/01/2016	380,71	Ferrva - Herrajes, S.L.	Materiais para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra subministrados en xaneiro (rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
N16-238	29/01/2016	235,20	Hercules de Ediciones, S.L.	Libros para a biblioteca municipal subministrados en xaneiro
16-61	31/01/2016	6,01	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a formigoneira da brigada de obras subministrada en xaneiro
16-60	31/01/2016	1.023,57	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados no mes de xaneiro
16-53	31/01/2016	62,51	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado o 25/01/2016
51 Facturas	02-03-06-31/01/2016	5.883,88	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública municipal período decembro/2015-xaneiro/2016
5 Facturas	03-06-31/01/2016	195,27	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a locais e instalacións municipais período decembro/2015-xaneiro/2016
2016 11	08/02/2016	6.241,48	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizo de xestión de actividades e mantemento do polideportivo municipal mes xaneiro
FE15321189858849	09/12/2015	440,17	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Sol período 26/09/2015 - 27/11/2015
042-02-00021	31/01/2016	484,00	Radio Popular, SA - Cope	Emisión no mes de xaneiro de anuncios sobre o evento cultural <i>Os Xenerais da Ulla</i> 2016
16/LAB 383	31/01/2016	528,29	Labralia, S.L.- Agrotendas	Pellet bioforestal para a caldeira da calefacción da casa consistorial subministrado o 18/01/2016
1CSN160100292361	15/01/2016	389,86	Cide Hcenergia, S.A.	Subministro á iluminación pública de Caldelas período do 29/10/2015 ao 24/12/2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




87	04/02/2016	1.905,75	Pérez Doce Alberto	Reposición de cerre de parcela 628 (pol. 506) nas obras de mellora da estrada provincial A Gaiosa-Ponte de Sarandón por afección das obras
32113162	28/01/2016	1.329,06	Automoviles Louzao, S.L.U.	Revisión dos sistemas de freos do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o día 21/01/2016
2	31/01/2016	3.702,60	Pavimentos Marrozos, S.C. (Mario Sampaño Munin y otros, S.C.)	Vertido e pulido de formigón na obra do obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave da estación do tren de Santa Cruz)
150000675	31/01/2016	1.854,14	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais servidos para a obra do obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
840708993	20/01/2016	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais mes xaneiro
150000662	31/01/2016	706,75	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais para mantemento de edificios e instalacións e outros subministrados en decembro/2015 e xaneiro/2016
150000661	31/01/2016	1.323,74	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Deshumificador industrial e aerotermos para equipamento de locais culturais municipais subministrados en decembro 2015
32113242	02/02/2016	1.216,66	Automoviles Louzao, S.L.U.	Revisión dos sistemas de refrixeración do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o día 28/12/2015
P 600386	31/01/2016	302,50	Editorial Compostela, SA	Publicación de anuncio sobre calendario do evento <i>Os Xenerais da Ulla</i> no diario El Correo Gallego do 29/01/2016
4	30/01/2016	63,26	Manuel Gamallo y Otro S.C	Materiais para obras da brigada en Matelo-San Xián subministrados o 28/01/2016
5	30/01/2016	33,94	Manuel Gamallo y Otro S.C	Materiais para obras da brigada en Outeiro-Vilanova subministrados o 26/01/2016
16/000011	30/01/2016	215,99	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras da brigada na vía pública en Vilanova subministrados en xaneiro
16/000012	30/01/2016	204,25	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras da brigada na vía pública en Nande-San Fins subministrados en xaneiro
16/000013	30/01/2016	52,15	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento do CPI de Vedra e outros subministrados en xaneiro
1601008131	01/02/2016	242,00	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes febreiro
26619	11/02/2016	126,23	Restaurante Villa Verde	Cea servida o 11/02/2016 como atención aos relatores participantes na actividade socioeducativa <i>Falemos de Drogas</i>
351	31/01/2016	1.113,20	Caneda Fernandez Manuel (Maderas)	Servizos de poda, corta e transporte de árbores en CEIP Sta. Cruz, Sarandón (ampliación EP 8901) e S. Gregorio-S. Mamede
127	10/02/2016	95,40	Planeta Informático, S.L.	Material informático (altofalantes e DVD) para a ludoteca municipal subministrado en febreiro
128	10/02/2016	17,30	Planeta Informático, S.L.	Material informático (lector de tarxeta+DNI cherry) para o departamento de xuventude subministrado en febreiro
129	10/02/2016	65,95	Planeta Informático, S.L.	Material informático (disco externo toshiba 2.5) para o arquivo municipal subministrado en febreiro
2	29/01/2016	1.669,32	Camino Bouzón Miguel Angel	Traballos de fontanería realizados nos baños do CPI de Vedra en xaneiro
3	29/01/2016	152,46	Camino Bouzón Miguel Angel	Traballos de mantemento realizados no sistema de calefacción da casa da Terceira Idade en xaneiro
A10002091952-0216	01/02/2016	1.114,52	Orange Espagne,	Servizos telefónicos prestados no período do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			S.A.U.	01/01/2016 ao 31/01/2016
A10006996	29/01/2016	1.870,56	Lamas Suárez José Ramón - Pinturas	Materiais para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación Santa Cruz) subministrados en xaneiro
A10007066	11/02/2016	161,87	Lamas Suárez José Ramón - Pinturas	Materiais para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación Santa Cruz) subministrados en febreiro
2016/0291	31/01/2016	7.825,80	Sogama S. A.	Tratamento de residuos urbanos mes xaneiro 2016
I16 000021	31/01/2016	121,00	La Voz de Galicia, S.A.	Concerto de publicidade do concello de Vedra na Voz de Galicia dixital (lavozdegalicia.es) mes xaneiro
5 Tickets	26/01/2016	105,31	Acredores diversos	Alimentos e outros produtos para o servizo de madrugadores mercados en xaneiro
6 tickets	21/01/2016	52,41	Acredores diversos	Materiais e produtos para a ludoteca municipal mercados en xaneiro
A/414	31/12/2015	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes decembro 2015
A/26	31/01/2016	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes xaneiro
RC/16-5308	05/02/2016	285,61	Femp	Cota de asociado do concello de Vedra correspondente ao exercicio 2016
16/00096	31/01/2016	833,12	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de contedores de residuos (pneumáticos, madeira e escombros) prestado no punto limpo durante o mes de xaneiro
16/00073	31/01/2016	400,00	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de contedor de escombros prestado en xaneiro para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra
86	13/02/2016	44,20	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	Plátanos subministrados para as probas deportivas <i>Ruta BTT e Maratón da Camelia</i> celebradas o 14/02/2016
16CR00078	31/01/2016	42,35	Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	Cuñas publicitarias do <i>Entroido</i> emitidas os días 30 e 31/01/2016 na Radio Galega
6512080218_000002	01/12/2015	369,34	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo de Protección Civil 3663HNG período 31/12/2015-29/06/2016 (Turismos Póliza: V5A050009580)
6512051469_000002	01/12/2015	217,99	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo brigada de obras Nissan C-6247-BF período 31/12/2015-29/06/2016 (Turismos Póliza: V5A050009780)
6512051470_000002	01/12/2015	217,26	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo de Protección Civil 2445BLH período 31/12/2015-29/06/2016 (Turismos Póliza: V5A050009781)
6512083169_000002	01/12/2015	382,51	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo da brigada de obras 8189JCG período 31/12/2015-29/06/2016 (Furgonetas Póliza: V5A150001717)
6512083188_000002	01/12/2015	188,29	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo furgoneta C15 C-4407-BM período 31/12/2015-29/06/2016 (Furgonetas Póliza: V5A150001725)
6512051473_000002	01/12/2015	221,74	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo Nissan Vanette C-6142-BS período 31/12/2015-29/06/2016 (Furgonetas Póliza: V5A150001800)
6512083213_000002	01/12/2015	504,38	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo contra incendios 1106-FZZ período 31/12/2015-29/06/2016 (Camiós Póliza: V5A210000240)
6512083264_000002	01/12/2015	1.271,29	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo camión recollida lixo 9047-HPG período 31/12/2015-29/06/2016 (Camiós Póliza: V5A210000241)
6512083806_000002	01/12/2015	35,50	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo tractor J.Deere E2564BDT período 31/12/2015-29/06/2016 (Vehículos Agrícolas Póliza: V5A210000241)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




				V5A410000241)
6512051477_000002	01/12/2015	74,32	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo tractor J.Deere E7264BFN período 31/12/2015-30/12/2016 (Vehículos Agrícolas Póliza: V5A410000281)
6512051478_000002	01/12/2015	37,81	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo tractor Lamborghini E9223BBB período 31/12/2015-29/06/2016 Vehículos Agrícolas Póliza: V5A410000295
6512083831_000002	01/12/2015	35,47	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo tractor J.Deere C89650VE período 31/12/2015-29/06/2016 (Vehículos Agrícolas Póliza: V5A410000296)
6512083856_000002	01/12/2015	61,17	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo retroescavadora E6073BBB período 31/12/2015-29/06/2016- Vehículos industriais Póliza: V5A510000145
6512051481_000002	01/12/2015	49,54	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo remolque E9224BBB período 31/12/2015-30/12/2016 (Remolques Agrícolas Póliza: V5A630000131)
6512051482_000002	01/12/2015	53,87	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo seguro vehículo remolque E6787BBT período 31/12/2015-30/12/2016 (Remolques Agrícolas Póliza: V5A630000132)
2016/020	09/02/2016	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de febreiro (nº 197)
1151011260505	25/10/2015	188,38	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico á iluminación pública de Marzán de Abaixo período 21-08-2015 / 22-10-2015
1151011267776	25/10/2015	8,89	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico á escola de San Xián de Sales período 24-08-2015 / 21-10-2015
667	15/02/2016	558,39	Hierros Diego, S.L.	Materiais para obras da brigada municipal subministrados o 10/02/2016
840749812	06/02/2016	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas de servizos sociais, biblioteca municipal e oficinas xerais mes febreiro
TA5690007090	19/02/2016	21,97	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de servizos sociais municipais (cotas de febreiro)
20/16	14/02/2016	505,00	Ambulancias do Nordés, S.L.	Servizo de ambulancia prestado o 14/02/2016 para a proba deportiva <i>II Maratón de Montaña da Camelia</i>
1/2016	30/01/2016	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música en Santa Cruz mes xaneiro (segundo convenio de data 02/03/2015)
A/173	17/02/2016	532,40	Galiza Verde, S.L.	Xestión e transporte de residuos selectivos (pinturas, vernices, plásticos, metais e esprais) do punto limpo en febreiro
FP11601644	15/02/2016	448,73	Paz Dismac, S.L.	Subministro dunha encadernadora e de material de oficina realizado en febreiro
CI0821030767	15/02/2016	166,56	Vodafone España, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período 15/01/2016-14/02/2016
150	22/02/2016	4.000,00	Banda Música Santa Cruz	Actuacións realizadas dentro do convenio asinado co Concello nas parroquias de San Xián, Illobre, San Pedro e Trobe
4	06/02/2016	726,00	Bar Timonel - Aboy Torres Marcelino	Servizo de carpa prestado o 6 de febreiro para realización do evento <i>Entroido Municipal 2016</i>
26	22/02/2016	88,26	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Reposición de dobre cristal na biblioteca municipal
25	22/02/2016	181,50	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Traballos de desmontaxe de canelón e colocación de chapas para descarga de augas na gardería municipal feitos en febreiro
7	22/02/2016	374,00	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Pinchos servidos con motivo da celebración do <i>Certame de Corais da Terceira Idade 2015</i>
A/17.304	22/02/2016	2.432,87	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón subministrado para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
32113423	12/02/2016	213,21	Automóviles Louzao,	Revisión do sistema de aire comprimido do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			S.L.U.	camión de recollida do lixo 9047HPG realizada en febreiro
36 1304	12/02/2016	490,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da biblioteca municipal subministrado en febreiro
20160A000126	15/02/2016	329,88	Madesa S.L.	Taboleiros de bidueiro e madeira de abeto subministrados en febreiro para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
4071416	19/02/2016	12,90	El Corte Ingles, S.A. (ECI)	Pendrive para a tesourería municipal mercado en febreiro
7348	23/02/2016	102,25	Leroy Merlin España, SLU	Cortiza adquirida para utilizar no evento cultural <i>Xornada arredor da Camelia 2016</i>
13 Tickets	19/02/2016	118,60	Acredores diversos	Peaxes autoestradas e gasóleo para o <i>Encontro Transfronteirizo de Xuventude</i> en Viana do Castelo do 19 ao 21/02/2016
T 160203	22/02/2016	300,01	Autos Brea, S.L.	Aluguer de furgonetas para realización do <i>Encontro Transfronteirizo de Xuventude</i> en Viana do Castelo do 19 ao 21/02/2016
8	22/02/2016	121,00	Mais Deseño Silleda, S.L.	Composición do anuncio <i>Xenerais da Ulla 2016</i> para publicar nos xornais
Liquidación	21/01/2016	15,00	Arnau Torres Jorge	Quilometraxe polo voluntariado de servizos sociais prestado durante 2015 para o reparto de alimentos da Cruz Vermella
16-0011	19/02/2016	145,20	Pazo de Galegos - García Cebeiro Pablo	Produtos para atencións protocolarias do <i>VII Seminario-Obradoiro Internacional de Avaliación de Materiais Didácticos</i>
Liquidación		94,30	Costa Carneiro Manuel	Axuda de custo, quilometraxe, autoestrada e aparcamento por viaxe realizado a Ourense o día 07/02/2016 para asistir a evento de promoción turística do concello de Vedra
Liquidación		180,48	Sanmartín Carrera Carlos J.	Indemnizacións, autoestrada, aparcamento e quilometraxe por asistencia a curso de nóminas <i>GINPIX7</i> na Coruña os días 3 e 23/02/2016 e quilometraxe de novembro e decembro/2015 e xaneiro e febreiro/2016
Liquidación		7,75	Canedo de la Torre María	Quilometraxe do 19 de xaneiro por visitas a San Mamede, Santa Cruz e Ponte Ulla (traballos formación padrón fiscal taxa recollida lixo 2016)
Liquidación		86,60	Lema Rodríguez Clara	Autoestrada e aparcamento por asistencia a xornada de urbanismo na Coruña o 17/02/2016 e quilometraxe do mes de febreiro
Liquidación		29,25	Sabio Sanz Carmen A.	Quilometraxe do mes de xaneiro polo desenvolvemento do programa de Educación Familiar
Liquidación		109,25	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes xaneiro
Liquidación		143,00	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes xaneiro
Liquidación		227,00	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes xaneiro
Liquidación		152,25	Vilariño Rodríguez Mª Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes xaneiro

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Escrito núm. 218/16 do CEIP Ortigueira.

Dáse conta do citado escrito no que don Jaime Furelos, en calidade de director do CEIP Ortigueira, expón que o vindeiro 30 de maio o alumnado do colexio realizará a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



excursión de fin de curso ao Parque de aventuras e ao Parque dos sentidos, en Marín (Pontevedra), polo que solicita que, como vén sucedendo dende anos anteriores, o concello poña á súa disposición dos autobuses (80 prazas).

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.